

Curso Cuadrimestral de Alemán 2ºC - 2016-2017

Información da convocatoria

Tipo	CURSO CUADRIMESTRAL DE ALEMÁN
Código	V17.XT.AL.B12
Nome	Curso Cuadrimestral de Alemán 2ºC
Curso académico	2016-2017
Nivel	B1.2
Modalidade	PRESENCIAL
Horas	80.00

Descrición

Curso de alemán de **80 horas** (nivel B1.2)

Aqueles alumnos que cursen os dous cuadrimestres terán o exame incluído no importe do curso.

Nos cursos organizados en 2 cuadrimestres, se non realizaches o primeiro e incorporáste no segundo, o prezo da matrícula do segundo cuadrimestre verase incrementado polo importe correspondente ao exame do curso.

Información sobre o calendario (datas)

Período de matrícula	02/12/2016 - 29/01/2017
Período de docencia	30/01/2017 - 11/05/2017

Prazas e créditos

Número mínimo de participantes	12
Número máximo de participantes	20
Horas ECTS	80
Validación LE	4

Destinatarios

Persoas maiores de 16 anos interesadas en aprender ou mellorar a súa competencia na lingua alemana

Calendario

Luns, mércores e xoves de 18.30 a 20.30 - Aula a determinar

EXAME: xoves 18 de maio ás 16.00 horas

Programa

B1.2.

-Klischees: comprender entrevistas sobre as tradicións, coñecer festas típicas en Alemaña, falar das celebracións ou tradicións que son importantes para nós, comprender informacións referentes a outras culturas, entender un blog sobre clichés relacionados cun país e escribir sobre os do noso, falar sobre normas de conduta, comprender entradas nun foro sobre o uso de tu ou vostede e como dirixirse a alguén, comprender e dar consellos, expresar intención e finalidade.

-Beziehungskisten: falar sobre conflitos na parella, escribir entradas nun foro sobre o tema ?discusións na parella?, comprender e expresar

secuencia temporal, comprender e escribir anuncios de búsqueda de parella, escribir unha carta de amor, describir e comentar unha voda, falar sobre parellas coñecidas en Alemaña, comprender unha fábula.

-Von Kopf bis Fuß: falar das enfermidades, comprender conversas entre o médico e o paciente, falar de hábitos saudables e do que nos axuda a sentirnos ben, ofrecer axuda e aceptala ou rexeitala, advertir a alguén de algo, comprender textos informativos sobre estadias no hospital, falar sobre música e os sentimentos que provoca en nós, comprender artigos periodísticos, falar e comprender debates na radio sobre a memoria e a aprendizaxe.

-Kunststücke: comprender informacións sobre arte nun blog e escribir comentarios no mesmo, describir obras de arte, entender os comentarios dos visitantes a unha exposición, facer valoracións, comprender un artigo na prensa sobre un grupo de teatro e a súa última obra, falar sobre unha obra de teatro e os seus actores, comprender anuncios breves relacionados con actividades culturais, falar sobre películas, comprender unha entrevista.

-Miteinander: comprender textos descriptivos sobre actividades de voluntariado e falar das mesmas, comprender un programa na radio sobre unha asociación de voluntariado, falar sobre os valores, describir procesos e modificacións, comprender un texto descriptivo acerca dun proxecto e facer valoracións do mesmo, entender unha presentación oral sobre a Unión Europea, facer unha breve presentación e comprender o feedback da mesma.

-Vom Leben in Städten: falar e valorar as vantaxes e desvantaxes vida no campo e na cidade, comprender e escribir comentarios nun foro, comprender o directorio no concello dunha localidade, comprender ránkings de cidades e discusións sobre o valor dos mesmos, valorar a propia cidade respecto a unha área concreta e presentar os resultados, entender un texto persoal sobre os primeiros días nunha cidade, escribir un mail con suxerencias sobre o que facer na propia cidade.

-Geld regiert die Welt: falar do consumo e dos prezos dos alimentos, comprender a xente falando daquello no que gasta os cartos, comprender un prospecto publicitario dun banco, entender e manter un diálogo no banco, comprender instrucións e indicacións, comprender un diálogo sobre a globalización, identificar nun texto argumentos a favor ou en contra dun tema concreto e expresar os propios, valorar e discutir sobre condutas correctas ou incorrectas.

Libro de texto: Netzwerk B1.2, Ed. Langenscheidt (ISBN: 978-3-12-605005-0)

Forma de pago

Tarifas

Comunidade Universitaria	332.00 €
Público en xeral	400.00 €

Este curso require un pagamento inicial dunha cota de preinscrición de 15.00 € que se descontará do importe total da matrícula.

Formas de pago

Tarxeta bancaria
Transferencia bancaria
Emisora X011668 Ingreso efectivo (Banco Santander)

Impartido en

Campus de Vigo - Facultade de Filoloxía e Tradución -

Cómo matricularse

Entra en <http://centrodelinguas.fundacionuvigo.es>

Alí encontrarás toda a oferta de cursos e as indicacións para realizar a túa matrícula. Aquí che indicamos un pequeno resumo:

1. Na pantalla de inicio:

- Se realizaches o teu rexistro en Bubela durante os anos 2012 e 2013, xa estás rexistrado no programa. No campo central "Recuperar contrasinal", introduce o teu DNI.
- No caso contrario, pulsa "Rexistrarse" e introduce os teus datos persoais.

EN AMBOS CASOS RECIBIRÁS UN CORREO ELECTRÓNICO CO TEU CONTRASINAL.

2. Facer a preinscrición online seguindo os pasos que se indican.

3. Pagar o importe do curso, para o que tés tres posibilidades:

a) Pago con tarxeta

b) Transferencia no **Banco Santander**:

Número de conta: 0049 614198 2510007984

Código Swift: BSCHESMMXXX

IBAN: ES86 0049 6141 9825 1000 7984

Debes indicar o teu nome e o nome do curso no que te matriculas

c) Ingreso en efectivo no **Banco Santander**:

Neste caso debes indicar estes datos:

Emisora: X011668

Importe do curso

Nome do alumno e nome do curso no que te matriculas

4. Todo o proceso de matrícula podes facelo a través do programa do centro de linguas.

5. A matrícula confírmase a través dunha mensaxe de correo electrónico.

Condições de acceso

Ter certificado de B1.1 (non anterior a tres anos) ou realizar proba de nivel.

NOVA PROBA DE NIVEL (30 de xaneiro ás 17.00 horas, na Facultade de Filoloxía e Tradución)- Aula NEWTON 13, pavillón C

Devolución

Para a devolución de matrícula séguense os seguintes criterios:

1. Só procederá a devolución do importe íntegro da matrícula, incluída a cota de preinscrición, cando, por causas non imputables aos usuarios, non se realice a actividade.
2. No caso de que o alumno/a non supere a proba de nivel do curso para o que se matriculou, e non realice outro curso, non procederá a devolución da cota de preinscrición.
3. Non obstante o declarado no punto anterior, o Centro pode devolver o importe en casos especiais que considere xustificadas, sempre que se solicite por escrito ao Centro de Linguas, a lo menos **tres días antes da data de inicio dos cursos**. Cando se considere xustificada a devolución, o Centro reterá **15 euros** en concepto de gastos de xestión.
4. Considérase que procede a devolución nos casos seguintes, sempre que os mesmos se produzan coa antelación especificada no punto anterior e se xustifiquen debidamente:
 - Cando se produza a sinatura dun contrato laboral que implique incompatibilidade horaria co curso matriculado, sempre que non resulte posible a adscrición a outro curso similar. Debe achegarse copia do contrato de traballo.
 - Por causa de accidente ou enfermidade que imposibilite seguir con regularidade o desenvolvemento do curso. Debe aportarse xustificante médico.
5. En ningún caso devolveráse o importe da matrícula unha vez iniciadas as clases.